



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Provisión temporal de dous postos de Policía Local mediante comisión de servizos

ANUNCIO

Provisión temporal de dous postos de Policía Local mediante comisión de servizos

Mediante resolución da Alcaldía núm. 1214/2022, do 21 de abril de 2022, autorízase a provisión temporal de dous postos de Policía Local mediante comisión de servizos (Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais, Clase: Policía Local).

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte a súa publicación, ao efecto de que os interesados que cumpran os requisitos e estean interesados, soliciten participar no procedemento. Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo III da Orde do 28/01/2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais (DOG núm. 22, do 2/02/2009).

Os aspirantes achegarán, xunto coas solicitudes de admisión ao proceso selectivo, unha relación de méritos, segundo o Anexo III da dita Orde do 28/01/2009, así como a documentación acreditativa daqueles, aos efectos da súa avaliación.

Carballo, 22 de abril de 2022.

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2022/2178